



Instituto Galego  
de Seguridade  
e Saúde Laboral

[www.issga.es](http://www.issga.es)



# Amianto nos edificios: información para as comunidades de propietarios

## Que é o amianto e onde se pode atopar?

O amianto ou asbesto é un mineral de orixe natural que se esmiúza en fibras; polas súas excelentes propiedades e o seu baixo custo foi moi utilizado en diferentes materiais ao longo do século XX, tanto na construción, como na industria téxtil, fabricación de medios de transporte ou en numerosos produtos e acabados industriais.

Debido ás graves enfermidades que pode chegar a producir, prohibiuse a súa produción, uso e comercialización. En España **prohibiuse totalmente no ano 2002** e permitiuse que os materiais con amianto que xa estaban instalados se puidesen utilizar ata a súa eliminación ou o final da súa vida útil; isto quere dicir que estes materiais non se poden nin reutilizar nin vender, aínda que estean en bo estado.

Dada a altísima utilización do amianto na construción débese supoñer que todos os edificios construídos ou reformados antes do ano 2002 poden conter materiais con este mineral.

O fibrocemento (mestura de cemento con fibras) que contén amianto, máis popularmente coñecido co nome de uralita, é o material que con máis frecuencia atopamos nos edificios na nosa comunidade autónoma;

comercializouse en diferentes formas (pranchas lisas ou onduladas, forma de tubo...) en función do uso que se lle ía dar: cubertas, protección lateral dos edificios, conducións de auga, baixantes de pluviais, de saneamento, depósitos de auga... e incluso como elementos decorativos.

Aínda que a uralita é o material máis común e máis coñecido por todos o amianto tamén pode aparecer:

- como falsos teitos
- como baldosas de vinilo (alta resistencia ao lume)
- como protección ignífuga e revestimentos de estruturas metálicas (máis frecuente nos garaxes dos edificios)
- como illante en chemineas, fornos, caldeiras, recipientes térmicos, portas corta lumes, recubrimento de canalizacións de auga quente, cámara de aire de paredes, placas para illamento sonoro... O amianto que se utiliza como illante esmiúzase con facilidade e traballar con el é moito máis perigoso.

Nota: dende que está prohibido o amianto séguese fabricando uralita pero con outras fibras en lugar de amianto.



## Enfermidades que produce



O feito de que un material teña amianto non resulta perigoso para a saúde. O amianto só resulta perigoso cando se respiran as súas fibras que son moi finas e non se poden ver a simple vista. Isto pode pasar cando os materiais que conteñen amianto están moi estragados ou cando é necesario cortalos, desmontalos, ou facer calquera traballo con eles.

Respirar as diminutas fibras do amianto pode dar lugar a varias alteracións e enfermidades que afectan ao aparato respiratorio, algunhas benignas e outras graves ou moi graves, incluso cancro. Todas teñen en común que non se manifestan de inmediato, poden pasar entre 10 e 40 anos ou máis ata que aparecen. **As persoas que polo seu traballo teñen que manipular materiais con este mineral son as que realmente corren risco** de sufrir estas enfermidades xa que, se non se toman as medidas de prevención adecuadas, poden inhalar cantidade destas fibras ao longo da súa vida laboral.





## Control do risco

Como xa se dixo o risco vai existir cando os materiais estean moi estragados, de xeito que se poden esmagar con facilidade, ou cando sexa necesario manipularlos para retiralos ou por exemplo para instalar aire acondicionado, conducións de auga, eléctricas.. .

Sempre que haxa que facer calquera obra de reforma, mantemento ou reparación nun edificio que faga necesario intervir sobre os materiais que conteñen amianto deberá levarse a cabo aplicando as **medidas técnicas e de protección necesarias para que as fibras de amianto** non pasen ao ambiente e polo tanto **non supoñan un risco nin para os traballadores nin para os ocupantes do edificio.**

Cando se fagan este tipo de obras, por exemplo o cambio das cubertas ou canalizacións de auga (canlóns, baixantes de pluviais e de saneamento..) que sexan de uralita con amianto nun edificio de vivendas, a comunidade de propietarios deberá ter en conta que **só as empresas que están debidamente autorizadas poderán levar a cabo este tipo de traballos.** Cando a comunidade pida presupostos para levalas a cabo deberá informar de que se trata de materiais que conteñen amianto ou de que se sospeita que poden conter amianto.

### Unha empresa considérase autorizada cando:

- está inscrita no Rexistro de empresas con risco por amianto (RERA) de calquera comunidade autónoma, e ademais,
- ten un “Plan de Traballo” aprobado pola autoridade laboral que lle permite facer a obra concreta da que se trate. Este plan ten que estar aprobado antes de comezar a obra; describirá como se vai realizar o traballo e as medidas de prevención e protección que se van aplicar para evitar o risco; ademais tamén deberá asegurar que os residuos xerados se leven a un vertedoiro autorizado (os materiais que conteñen amianto considéranse residuos perigosos).





En Galicia é o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que pertence á Consellería de Traballo e Benestar, o que xestiona todos os trámites necesarios para autorizar ás empresas e controlar a execución dos traballos nos que pode haber risco de exposición a amianto. Na páxina web deste organismo (<http://www.issga.es/>) hai un enlace sobre amianto no que pode atopar máis información e tamén pode descargar a lista das empresas que están inscritas no RERA na nosa comunidade autónoma. Para calquera información adicional pode contactar co ISSGA.



Textos: Lucía Ferrón Vidán

[www.issga.es](http://www.issga.es)

Etiqueta que identifica os artigos ou envases que conteñen amianto segundo o Regulamento (CE) nº1907/2006 (REACH)



Instituto Galego  
de Seguridade  
e Saúde Laboral



XUNTA  
DE GALICIA